

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN RELACIÓN COS GASTOS DE LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Federación Galega de Municipios e provincias (Fegamp) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021. Sen embargo, as achegas económicas que se dean aos concellos poderán atender gastos contraídos dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

Que o instrumento convencional ten por obxecto fixar a distribución das obrigas económicas da administración educativa e das corporacións locais nos gastos de limpeza dos CPIs de Galicia que se detallan no anexo I, cando este servizo se asume e presta polo respectivo concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Con data do 9 de xaneiro de 2008 asinouse un acordo marco entre a Consellería de Educación e a FEGAMP para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, acordando que a partir do 1 de xaneiro de 2008, sería a Consellería de Educación a que asumiría os gastos derivados do servizo de limpeza dos CPIs, cando os mesmos se viñesen prestando mediante a súa contratación cunha empresa de servizos, previa adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

Toda vez que os concellos que se identifican no anexo deste convenio non se adheriron ao acordo marco, asinado coa FEGAMP o 8 de xaneiro de 2008, as partes asinantes do presente convenio,



conscientes da importancia que, para o desenvolvemento do sistema educativo, ten a actuación coordinada de ámbalas dúas administracións públicas, coinciden na conveniencia de xuntar os seus esforzos na procura dunha acción coordinada, para o cal abordan o convenio presente.

Habida conta da existencia de corporacións locais encargadas da planificación, dirección e xestión dos servizos de limpeza, no momento actual segue sendo necesaria a colaboración das dúas administracións locais e autonómica, a fin de aunar e optimizar os recursos públicos existentes co obxectivo común de acadar un ensino público de calidade.

Así mesmo, os bos resultados obtidos durante o tempo no que ven desenvolvéndose este convenio falan ás claras da conveniencia de manter a colaboración institucional emprendida neste eido, en beneficio da eficacia e a eficiencia na xestión pública.

Por outra parte, a singularidade das achegas subvencionais articuladas mediante este convenio, así como as razóns de interese público incuestionable que o animan, xunto coa dificultade e inconveniencia substancial da súa convocatoria pública, xustifican o instrumento bilateral escollido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nin mediante outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

